

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1110V5	CON/51/2016	12-05-17 13:33

Número 8 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Mellora e rehabilitación de pavimentos en viais das parroquias de Santa Cristina de Fecha, Grixoa, Verdía, Nemenzo, Busto, Barciela, Cesar, Carballal, San Caetano e Laraño (POS- 2016)"

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 12 de maio de 2017 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 8 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "MELLORA E REHABILITACIÓN DE PAVIMENTOS EN VIAIS DAS PARROQUIAS DE SANTA CRISTINA DE FECHA, GRIXOA, VERDÍA, NEMENZO, BUSTO, BARCIELA, CESAR, CARBALLAL, SAN CAETANO E LARAÑO (POS- 2016)".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 26 de abril de 2017, do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, número 2017/278 de data 3.5.17.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

**"Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural e equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Mellora e rehabilitación de pavimentos en viais das parroquias de Santa Cristina de Fecha, Grixoa, Verdía, Nemenzo, Busto, Barciela, Cesar, Carballal, San Caetano e Laraño (POS- 2016)", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015.

**EXPÓN:**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1110V5	<i>Expediente</i> CON/51/2016	<i>Fecha</i> 12-05-17 13:33

Primeiro: Con data 3 de abril de 2017, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador OBRAS Y VIALES CERNE SL.

Segundo: Con data 25 de abril, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

**PRIMEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES CERNADAS SL e CONSTRUCCIONES CONCIFA SL, que afirman no correspondente formulario que contratarán a 0 (cero) traballadores desempregados, incumprindo o taxativo requirimento do prego en forma de condición especial de execución de que os licitadores comprometerán a contratación de alomenos un traballador desempregado a xornada completa.

**SEGUNDO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL e AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL, que superan o tipo de licitación máximo fixado no prego de aplicación.

**TERCEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL, MARTINEZ MONTES E HIJOS SL, ANTONIO FILLOY SA e CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ SL por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

**CUARTO:** Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **OBRAS Y VIALES CERNE SL** (CIF: B70332978), por un importe de **108.800 euros** (IVE aparte 21%: 22.848 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 61900."

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11/0V5	<i>Expediente</i> CON/51/2016	<i>Fecha</i> 12-05-17 13:33

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

**PRIMEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES CERNADAS SL e CONSTRUCCIONES CONCIFA SL, que afirman no correspondente formulario que contratarán a 0 (cero) traballadores desempregados, incumprindo o taxativo requerimento do prego en forma de condición especial de execución de que os licitadores comprometerán a contratación de alomenos un traballador desempregado a xornada completa.

**SEGUNDO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL e AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL, que superan o tipo de licitación máximo fixado no prego de aplicación.

**TERCEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL, MARTINEZ MONTES E HIJOS SL, ANTONIO FILLOY SA e CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ SL por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

**CUARTO:** Adxudicar o contrato de "Mellora e rehabilitación de pavimentos en viais das parroquias de Santa Cristina de Fecha, Grixoa, Verdía, Nemenzo, Busto, Barciela, Cesar, Carballal, San Caetano e Laraño (POS- 2016)", a favor da empresa OBRAS Y VIALES CERNE SL (CIF: B70332978), por un importe de 108.800 euros (IVE aparte 21%: 22.848 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Designase como técnico municipal responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 61900.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

SECRETARÍA  
CONCELLO DE SANTIAGO  
33

